

**MUSEO  
PONTEVEDRA**



**progra  
mación  
2025**

# O noso 2025 en 8 claves

**01** Situar o Museo no centro da **Bienal**  
A exposición central ocupará os edificios Castelao e Sarmiento durante o verán e irradiará a outros espazos da cidade.

**02** Achegar **Castelao** á sociedade no seu ano  
Visitas guiadas, actividades divulgativas, novas publicacións... o intelectual galeguista estará moi presente no seu 75 cabodano.

**03** Investigar e divulgar **o máis próximo**  
A cultura universal desde o local: un ano para redescubrir a Sociedad Polifónica, a fotografía do XIX, José Ruibal, Leopoldo Varela...

**04** Dialogar con **novas visións** da arte  
Continúan as infiltracións na colección con Marta Pazos e Ira Lombardía, e reformúlase Novos Valores integrándoo na Bienal.

# 0 noso 2025 en 8 claves

**05**

Afianzar as **colaboracións** con institucións  
Traballamos da man de entidades referentes: ICOM, CSIC, RAG, Consello da Cultura Galega, universidades, Escola de Restauración, outros museos...

**06**

Participar nos **debates contemporáneos**  
Xornadas e conferencias sobre feminismo e museos, transculturalidade, relacións coa comunidade...

**07**

Transferir o **coñecemento** á cidadanía  
Empregamos as exposicións, publicacións e seminarios para divulgar novas achegas sobre arte galega, museoloxía, conservación...

**08**

Acoller **todos os públicos**  
Despregar unha programación educativa e de acción cultural atractiva e proveitosa para toda a cidadanía.

FEBREIRO - ABRIL

## Pinturas negras

COMISARIADO: IGNACIO  
PÉREZ-JOFRE E SANDRA MG




Mogor II, 2015. Juan Rivas

Coa serie de Goya como referencia, explóranse as posibilidades formais e simbólicas do negro. Graduadas e docentes da Facultade de Belas Artes de Pontevedra presentarán obras de diferentes disciplinas con esta cor como protagonista.

MARZO - ABRIL

## Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra 1925-2025, un século de música coral en Galicia



San David (pano de boca), 1926. Castelao

COMISARIO: XOSÉ CARLOS VALLE PÉREZ

Mostra que conmemora o centenario dunha das iniciativas culturais máis importantes da cidade de Pontevedra. Unha revisión por cen anos de historia cunha atención especial aos panos que pintou Castelao para as súas representacións.

## Infiltracións. Diálogos coa colección do Museo

COMISARIO: IÑAKI MARTÍNEZ ANTELO

Cada ano, dúas artistas son convidadas a presentar as súas obras en diálogo coa colección do Museo.

A primeira de 2025 será **Marta Pazos**, directora de escena de teatro e ópera, escenógrafa, dramaturga e artista visual. Nas súas montaxes, a cor aparece de maneira radical para impactar na retina do público e transformar a súa percepción.

A segunda infiltración do ano correrá a cargo de **Ira Lombardía**, unha artista e investigadora residente en Nova York, A través de medios como diversos como a fotografía, o vídeo, a instalación e a escultura, explora as relacións entre arte, tecnoloxía e cultura visual.



MARZO - OUTUBRO

### III. Marta Pazos

Pontevedra, 1976



OUTUBRO - FEBREIRO

### IV. Ira Lombardía

Asturias, 1977

XUÑO  
- SETEMBRO



## Bienal de Pontevedra. Volver a ser humanos... ante a dor dos demais

COMISARIO: ANTÓN CASTRO

A bienal de arte máis antiga de España regresa logo de quince anos de ausencia. A 32.<sup>a</sup> edición terá o Museo como epicentro dun acontecemento que se estenderá polas prazas, fachadas e centros culturais da cidade.

Co lema “Volver a ser humanos... ante a dor dos demais”, máis de sesenta artistas internacionais de primeiro nivel abordarán temas que marcan o discurso existencial contemporáneo: guerras, cambio climático, migracións, crises sociais, autoritarismo ou democracia, entre outros.

Ademais, incorporárase a obra dos dous artistas merecedores das renovadas residencias **Novos Valores**.

OUTUBRO - XANEIRO

## Leopoldo Varela, a forza da cor

COMISARIA: **BEATRIZ DE SAN ILDEFONSO  
RODRÍGUEZ**




Camino en el bosque. Leopoldo Varela

Exposición retrospectiva sobre Leopoldo Varela (O Porriño, 1927-Vigo, 2007), un pintor que emprendeu a súa propia viaxe cara á forza da cor sen preocuparlle perder o vínculo coa realidade porque a súa realidade é a cor, que se converte no instrumento básico da súa pintura.

OUTUBRO - DECEMBRO

## José Ruibal. Un escritor de centenario

COMISARIO: **XOSÉ ENRIQUE ACUÑA**



José Ruibal, 1975. Consuelo Fernández de Parga

Mostra conmemorativa con gallo do centenario do escritor pontevedrés, que como dramaturgo, no último terzo do século pasado, foi un dos máis sinalados representantes do teatro de vangarda en España cunha traxectoria que gozou de especial recoñecemento nos Estados Unidos.

NOVEMBRO - FEBREIRO

## Debuxar coa luz. A fotografía en Pontevedra no século XIX

COMISARIAS: CRISTINA ECHAVE DURÁN  
E REIS CAMIÑA CASTRO



Unha mostra para dar a coñecer a obra dos fotógrafos profesionais e afeccionados que traballaron entre 1843 e 1900 en Pontevedra, facendo fincapé no valor patrimonial que en si mesmo encerra a fotografía decimonónica.



A exposición estrutúrase en catro apartados ben definidos: o oficio de retratista, a imaxe da cidade, a figura do fotógrafo afeccionado e o papel da fotografía no panorama editorial pontevedrés de finais do século XIX.



# Xornadas e seminarios

FEBREIRO

**Seminario 'Mulleres, feminismos, canon'**

ABRIL

**Seminario 'Estudos e reflexións sobre patrimonio cultural. José María de Labra (1925-1994)'**

MAIO

**Xornadas de educación. "O papel dos museos e dos departamentos de educación dentro do tecido das comunidades culturais"**

XULLO

**Hacedoras de cultura. Xornadas internacionais de estudos trasatlánticos**

NOVEMBRO

**XIV Encontro de Conservación e Restauración**

**Conferencias polo Día das Artes Galegas, o Día Europeo da Arte Rupestre...**

E máis xornadas e conferencias.

# Educación e acción cultural

## Cursos para público adulto

Olladas musicais.  
Audicións comentadas

Do cine clásico ao cine moderno

Ilustración bordada

...

## Obradoiros para público infantil

Entroido

Semana Santa

Verán

Nadal

...

## Programación musical

Contrapuntos. Música e exilio

Noites de Música Antiga

Son do piano

...

## Conmemoración de datas

Día Internacional dos Museos

Día da Muller

Semana Lorquiana...

## Programación didáctica arredor das exposicións temporais



Deputación  
Pontevedra



MUSEO  
PONTEVEDRA